

Do Audible

Un ciclo de concertos que traza puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos.

Organizan: Vertixe Sonora Ensemble e Xunta de Galicia

Palabras, palabras, palabras...

Domingo 2 xuño, 12h. Museo de Belas Artes (A Coruña)

Coa participación do musicólogo Emilio Lede e a poeta e cantante Maite Dono

Compositores: Peter Ablinger, Arturo Fuentes, Fran MM Cabeza de Vaca

Interpreta: Vertixe Sonora Ensemble

Visións sonoras

Mércores 19 xuño, 20h. Liceo de Ourense

Coa participación do musicólogo Emilio Lede e o neurocientífico José Antonio Lamas

Compositores: Pierre Jodlowsky, Pedro García Velasquez

Interpreta: Vertixe Sonora Ensemble

O son natural

Mércores 6 novembro, 20h. Facultade de Belas Artes (Pontevedra)

Coa participación do musicólogo Emilio Lede e o artista Fernando Casás

Compositores: Esaias Järnegard, Alexander Khubeev, Jacobo Gaspar, José María Sánchez Verdú

Interpreta: Vertixe Sonora Ensemble

Ouvir o espazo

Mércores 13 novembro, 20 h, Casa do Saber (Lugo)

Coa participación do musicólogo Emilio Lede e do arquitecto Alfredo Sirvent

Compositores: Manuel Rodríguez Valenzuela, Ianni Xenakis, Ramón Souto

Interpreta: Vertixe Sonora Ensemble

Máis info en: vertixesonora.net, cultura.xunta.es

Contacto:

Todos os concertos teñen entrada libre até completar aforo

Presentación

Do Audible é un ciclo de concertos na procura dos puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos xerando dinámicas que faciliten o contacto coa creación musical de actualidade. Pretende construír unha experiencia para o público, afastada de calquera rito ornamental ou reverencial. Do Audible coloca a escoita como acontecemento capital do entendemento humano.

Cada un dos catro concertos organízase en torno a un foco de atención: a palabra, a visualidade, a natureza e o espazo. Cada un deles contará coa complicidade de figuras do noso ecosistema cultural, que contribuirán con perspectivas de interpretación do feito musical que sexan enriquecedoras para os ouvintes.

Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Do Audible conquista unha percepción musical consciente actualizando as rutinas de escoita. Do Audible espolea a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar na comunicación de emoción e intelixencia unha experiencia artística trascendente.

Do Audible é unha idea de Vertixe Sonora Ensemble, un dos colectivos máis destacados na súa aposta pola nova música contemporánea dentro da península. Así mesmo pola necesidade de divulgala e facela chegar a unha audiencia máis ampla. Desde hai dous anos Vertixe Sonora leva a cabo dentro do país un traballo en dobre dirección: por unha banda, ofrece aos compositores de nova fornada unha plataforma para desenvolver os seus proxectos e, por outra, está a crear e fidelizar novas audiencias para a música contemporánea. En Vertixe Sonora, que é ensemble residente no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) en Santiago de Compostela, conflúen artistas sonoros e plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xentes do teatro e da danza.

Ademais da participación en cada concerto dunha personalidade convidada en relación co programa proposto, o ciclo contará cos explicacións do musicólogo Emilio Lede (Barro, Pontevedra, 1974), profesor de Historia da Música e Análise no Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra.

Palabras, palabras, palabras...

Domingo 2 de xuño, 12h, Museo de Belas Artes (A Coruña)
Coa presentación de Emilio Lede e participación de Maite Dono

Programa

Peter Ablinger (Schwanenstadt, Austria, 1959) *Voces e piano*/ Bertolt Brecht (2012)
piano e cinta

arturo fuentes (México DF, 1975)
Memorias del vacío (2012) saxofón,
contrabaixo, piano e percusión

peter ablinger (Schwanenstadt, Austria, 1959) *Voces e piano*/ Mila Haugová (2012)
piano e cinta

Fran MM Cabeza de Vaca (As Palmas, 1976)
cidade a / cidade b / cidade ce até o zeta
(*retail, wholesale*) (2013)

Guitarra eléctrica, saxo baixo, percusión e electrónica a partir de gravacións urbanas de Kamen Nedev (Acoustic Mirror) e textos orixinais e voz en cinta: María Salgado

Peter Ablinger (Schwanenstadt, Austria, 1959) *Voces e piano*/ Hanna Schygulla (2012) piano e cinta

O programa de *palabras, palabras, palabras* aborda as posibilidades da oralidade como elemento de construción do discurso musical. Serán as resonancias fónicas, as inflexións da fala ou do recitado poético, o ritmo do poeta ou a súa entonación, os fíos dos que se derive o xogo de sonoridades que sustenta a trama musical nas partituras seleccionadas.

A lingua materna como orixe da acentuación rítmico-melódica na música instrumental, as inflexións da fala e dos seus rexistros dialectais como fundamento do canto, así como os variados territorios que median entre ambas serán pontóns que recorreremos de vagar.

Contaremos nesta mañán de domingo coa poeta e cantante Maite Dono, quen descifrará as claves da súa creación literaria completando o cadro no que palabra e son se combinan para estimular a nosa sensibilidade. Ademais Maite Dono prestará a súa voz nalgunha das pezas interpretadas no concerto.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Maite Dono voz/ Pablo Coello saxofón baixo/ Rubén Barros guitarra eléctrica/ Diego Ventoso percusión/ David Durán piano/ Ángel Faraldo electrónica e difusión multimedia

Sobre os compositores e as obras



Peter Ablinger (Schwanenstadt, Austria, 1959) entusiasouse co free jazz antes de rematar os seus estudos de composición. Vive en Berlín desde hai trinta anos e é un dos poucos músicos que emprega o ruído sen ningún tipo de simbolismo. O ruído no traballo de Ablinger é ruído, dese que provoca dúbidas sobre as convencións da propia música. En *Voces e piano* (2012) o austriaco mostra unha selección da "totalidade"; unha obra que é, a súa vez, parte dun todo que non se nos vai mostrar. Escoitaremos as voces gravadas de Bertol Brecht, Mila Haugová e Hanna Schygulla aínda que o piano, máis que acompañar, compita con elas.

Arturo Fuentes (México DF, 1975) é un compositor habitual de festivais internacionais que teñen lugar en Europa ao redor da música instrumental e electroacústica. Reside en Austria e antes formouse e viviu en Francia. *Memorias del vacío* (2012) está baseada en el libro *Noticias del Imperio* del escritor mexicano Fernando del Paso e fíxase especialmente no proceso de loucura de Carlota de Bélxica "emperatriz de México e do baleiro".

Fran M.M. Cabeza de Vaca (As Palmas de Gran Canaria, 1976) formouse en composición electroacústica e participou como compositor e intérprete en diversos espectáculos escénicos así como dirixiu o proxecto *Veo una voz* xunto a actriz Ana Barcia. *Cidade a / cidade b / cidade ce até o zeta* (retail, wholesale, 2013) parte dun texto orixinal de María Salgado (Madrid, 1984) e achégase ao espazo urbano nun territorio híbrido entre o masivo (wholesale) e o retalho, o miúdo (retail), entre os berros e os susurros, entre o ruído industrial e o tintineo do cotián. As imaxes urbanas de *Acoustic Mirror*, heterónimo do produtor Kamen Nedev, están integradas na peza.

Visións sonoras

Mércores 19 xuño, 20h, Liceo de Ourense

Coa presentación de Emilio Lede e participación do neurocientífico José Antonio Lamas

Programa

Pierre Jodlowsky (Francia, 1971)

Time & Money (2006): percusión video electrónica. Video: Vicent Meyer

Pedro García Velasquez (Colombia,

1984) Plip (2012): fruta, saxofón, violín e video

O programa *Visións sonoras* chama a atención sobre a omnipresenza de produtos audiovisuais na nosa experiencia perceptiva. Produtos que conviven con imaxes da cultura e produción sonora. Esta proposta fará un percorrido polas relacións entre a música e as artes visuais, mostrando exemplos de intertextualidade e explicando diferentes extensións dos sonidos vistos e as cores ouvidas ao longo dos séculos.

O profesor do departamento de Neurociencia da Universidade de Vigo José Antonio Lamas fará unha breve introdución sobre a sinestesia, tema de investigación que atopou un renovado interese debido ao crecemento da experimentación audiovisual e a converxencia dos medios tradicionais na era dixital así como das novas contornas multimedia influídas a partes iguais polas prácticas artísticas e as estratexias de mercado.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Iago Lariño, fruta / Pablo Coello, saxofón / Jorge Montes, violín / Diego Ventoso, percusión / Angel Faraldo, electrónica e difusión multimedia

Sobre os compositores e as obras



Time & Money. Pierre Jodlowsky (Toulouse, Francia, 1971) é un compositor vinculado á danza, ao teatro, ás artes visuais e á música electrónica. Fundador do colectivo Eole e promotor do festival Novelum na súa cidade natal. A súa obra está presente en centros dedicados á arte sonora. Os patróns rítmicos que se repiten en Time & Money aléxanse coa presenza en segundo plano de diálogos da radio e do cine. A peza conta cun vídeo de Vicent Meyer.



Plip. Pedro García Velasquez (Colombia, 1984) embarcou na composición a través do estudo do violín e tras licenciarse trasladouse a Francia. Alí creou a ensemble Le Balcon, residente na Fundación Singer-Polignac da capital francesa. A obra Plip (2012) conta coa colaboración do cineasta Luís Nieto e está inspirada no conto "Utopía de un hombre que está cansado" de Jorge Luis Borges. A electrónica e a videoinstalación afondan na idea de fantasía que cuestiona a percepción e memoria do espectador.

O son natural

Mércores 6 novembro, 20h, Facultade de Belas Artes (Pontevedra)

Coa presentación de Emilio Lede e participación do artista Fernando Casás

Programa

Esaias Järnegard (Suecia, 1983)

Hård (2012) : saxofón, guitarra eléctrica e percusión

Alexander Khuebeev (Rusia, 1986)

eARTh (2012): saxofón, contrabaixo, piano e percusión

Jacobo Gaspar (Mos, Pontevedra, 1975)

Sombras de inverno (2012): saxofón, contrabaixo, piano e percusión

José María Sánchez Verdú (España, 1968)

Óxido (2012): saxofón, contrabaixo, piano e percusión

Música e natureza teñen unha estreita e histórica relación. A interrogación eterna da natureza segue actualizando prácticas precedentes que atopan o seu moderno equivalente: a harmonía das esferas na acústica espacial, a descrición hiperrealista na sonificación de datos, etc. No eido da música a tradución de porcesos e fenómenos acústicos comporta por sí mesma un repertorio de obras mestras fundamentais que continúa a escribirse na actualidade a través de aproximacións heteroxéneas que comparte o mesmo pulo atávico.

No programa obras moi vinculadas ao land art, como Earth (Terra) do ruso Alexander Khuebeev ou ás estacións entendidas como ciclos temporais de Jacobo Gaspar. Nesta ocasión, será o artista Fernando Casás (Gondomar, Pontevedra, 1946), representante dun diálogo permanente coa natureza, quen describa as interrelacións entre a práctica artística e a contorna natural. Os vestixios do paso do tempo, as mutacións na selva tropical ou na súa paisaxe natal galega, determinan a súa traxectoria creativa de máis de corenta anos.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE:

Pablo Coello, saxofón / Thomas Piel, violonchelo / Carlos Méndez, contrabaixo / Rubén Barros, guitarra eléctrica / Diego Ventoso, percusión / David Durán, piano

Sobre os compositores e as obras



Hård. Esaias Järnegard (Estocolmo, Suecia, 1983) escribe principalmente música de cámara cunha visión cada vez máis fenomenolóxica salientando a relación entre corpo e instrumento. A linguaxe, o texto, en loita por emanciparse na súa música. Exemplo disto e a peza Hårt (2012), palabra que fai referencia ao fogar e na que o compositor concibe "o son como estancia. Unha existencia, unha extensión no espazo definido polo (s) corpo (s). A boca como un reverberante punto de partida e o punto comúns de existencia. O lugar no que o(s) son(s) reúnense".

eARTh. Alexander Khubeev (Perm, Rusia, 1986) é finalista dos premios Gaudeamus 2013, o prestixioso certame de composición con sede en Holanda desde os anos cincuenta. En 2011 foi compositor residente do moscovita GAM Ensemble. En eARTh (2012) Khubeev implementa as ideas do land-art, empregando material sonoro máis nativo e próximo á natureza que, porén, demonstra que a pureza non existe e que debemos xogar cun espectro de sons entrelazados. "A terra (eARTh) sen arte (ART) queda tan só nun eh", di o compositor.

Sombras de inverno. Jacobo Gaspar (Mos, Pontevedra, 1975) é compositor, profesor de análise, harmonía e contrapunto no Conservatorio superior de Vigo. Ademais, é licenciado en Economía. O inverno é en *Sombras de inverno* (2012) a dialéctica entre a quietude e a violencia. Tamén é sombra difusa e erosionante. Os elementos sucédense na obra provocando estados inertes que se ven sacudidos por descargas violentas.

Óxido. José María Sánchez Verdú (Algeciras, 1968) graduouse en Dirección da Orquestra, Musicoloxía e Composición no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid. Na mesma cidade licenciouse en Dereito, antes de ir a Siena a estudar composición con Franco Donatoni. A propósito de *Óxido* (2012) di: "A base metafórica principal nace da oxidación como proceso. E a guitarra eléctrica, que comeza un pouco máis tarde na peza, é a que desata tal proceso irreversible desde a súa aparición ata o final da obra. A ferruxe vermella, predominante neste proceso, a pulverización das superficies e dos materiais é aplicado de forma sinestésica no son musical".

Ouvir o espazo

Mércores 13 novembro, 20h, Casa do Saber (Lugo)

Coa participación do musicólogo Emilio Lede e do arquitecto Alfredo Sirvent

Programa

Manuel Rodríguez Valenzuela (Valencia, 1976) 24 (2013): cello amplificado acusticamente e piano a 10 mans

Ianni Xenakis (Braila, Grecia 1922-París 2001) *Rebonds* (1987-1989): percusión só

Ramón Souto (Vigo, 1976)

Durban (2013): saxofón baixo, guitarra eléctrica, cello, piano, percusión e proxectos de feedback. Deseño música por ordenador e electrónica en vivo: Instituto Galego de Sonoloxía, Ángel Faraldo

Luigi Nono escribía no seu ensaio *De outras posibilidades de escoita* (1985): "Partimos do son. De que é o son. De cómo calificar o son. De como facer reverberar o son. De como o espazo compón o son. De cómo o espazo intervén na transformación do son. De como o son sucede no espazo, precisamente na dimensión combinatoria dos diferentes sons segundo as diferentes tipoloxías de espazo"

Grandes autores coetáneos como Xenakis, Stockhausen, Boulez ou Lucier, considerarán cruciais aspectos como a proxección, a resonancia ou a reverberación. Para moitos creadores actuais da orfebrería espacial de sons movéndose en sistemas multicanle ou dos efectos de inmersión sonora abrolla un golpe de sentido capaz de totalizar o discurso.

Este programa contará coa participación do arquitecto Alfredo Sirvent, que abordará un tema tan interesante como a configuración arquitectónica dos espazos de recepción da música. Ademais, entre música e arquitectura danse paralelismos como un vocabulario compartido: plano, ritmo, estrutura, eixo ou emprego de ferramentas de cálculo matemático. Definitivamente, ambas disciplinas parecen destinadas a entenderse.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello *saxofón baixo*/ Thomas Piel *violonchelo*/ Rubén Barros *guitarra eléctrica*/ Diego Ventoso *percusión*/ David Durán, Haruna Takebe *piano*/ Ángel Faraldo *difusión do son*

Sobre os compositores e as obras:



24. Manuel Rodríguez Valenzuela (Valencia, 1976) compón actualmente para o Ensemble Intercontemporain de París tras colaborar con diversas formacións europeas e este ano está a aproveitar unha bolsa de residencia na Künstlerhaus Schloss Wiespersdorf de Brandenburgo (Alemaña). Na peza 24 cinco sección e cinco intérpretes sobre un piano, cos conseguíntes conflitos de uso do espazo.

Rebonds. Ianni Xenakis (Braila, Grecia 1922-París 2001) está recoñecido como un dos compositores da vangarda de posguerra máis relevantes, pioneiro no uso de modelos matemáticos na música. Tamén exerceu como arquitecto, colaborando con Le Corbusier en Saint Marie da Tourette. Rebonds (1987-1989) é unha das obras contemporáneas clásicas para percusión solistas. Consta de dúas partes, A e B cuxa orde de interpretación non está determinada e o título reflicte a idea construtiva da obra: figuracións semellantes a rebotes dun impulso inicial. Xenakis utilizou os conceptos matemáticos da sección áurea na composición dos dous movementos contrastantes nos que está dividida a peza.

Durban. Ramón Souto (Vigo, 1976) é o director artístico da Vertixe Sonora Ensemble desde 2010, dous anos despois de recibir a mención de honra na Ossia International Composition Competition en Nova York. Durban (2013) é, como apunta o seu título, unha obra que percorre a cidade e reflexiona sobre arte, cidadanía e espazo público. Durban é un convite á exploración e á escoita nas contornas urbanas. A peza foi estreada o pasado mes de marzo en Madrid dentro do Festival Son, que organizan a Fundación Cajamadrid e La Casa Encendida.



Vertixe Sonora Ensemble é un dos colectivos máis destacados na súa aposta pola nova música contemporánea dentro da península. Así mesmo pola necesidade de divulgala e facela chegar a unha audiencia máis ampla. Desde hai dous anos Vertixe Sonora leva a cabo dentro do país un traballo en dobre dirección: por unha banda, ofrece aos compositores de nova fornada unha plataforma para desenvolver os seus proxectos e, por outra, está a crear e fidelizar novas audiencias para a música contemporánea. En Vertixe Sonora, que é ensemble residente no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) en Santiago de Compostela, conflúen artistas sonoros e plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xentes do teatro e da danza.

Asumen o seu traballo desde unha perspectiva global, procurando a interrelación co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía, a arte "desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural favorecendo un espazo aberto á reflexión, discusión e intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda".